

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de novembro de 2021**

Ás 17.10 horas do día 17 de novembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de outubro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 20 de outubro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2021 E DA DATA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O presidente da comisión explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro (xa que o día 31 é o día de Fin de Ano e o día 24 día de Noiteboa), que se realizará o día 17 de decembro de 2021, ás 10.00 horas.

2º.- As comisións informativas terán lugar todas o día 9 de decembro, xoves, coa seguinte orde:

Transparencia e Administración Provincial	16.30 horas
Especial de Contas, Facenda e Economía	17.00 horas
Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural	17.30 horas
Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego	18.00 horas
Termalismo, Turismo e Medio Ambiente	18.30 horas
Cultura, Deportes e Mocidade	19.00 horas

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que ten preguntado de forma reiterada noutras comisións polo estado do proceso xudicial para recuperar o diñeiro no caso do hackeo das contas da Deputación e que agora se informaron pola prensa de que a Deputación contratou a unha avogada especialista en cibercriminalidade, polo que reitera a

petición de que os membros da Corporación sexan informados directamente na comisión de Transparencia.

O **presidente da comisión** indica que todo o expediente está a disposición na Asesoría Xurídica da Deputación, emprazándoos a que poden acceder alí ao expediente, coa discreción que require este tipo de casos.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta pola posible titularidade da Deputación dos terreos nos que se empraza o Mosteiro de Oseira. Indica que con motivo da construción do albergue para peregrinos xa preguntou se a parcela anexa na que se empraza esta nova construción era de titularidade provincial, ao que se lle contestou que existía unha cesión de uso á Orde Cisterciense desde 1928. Agora pregunta polas parcelas nas que sitúa o propio Mosteiro e que poderían estar nunha situación similar.

O **presidente da comisión** indica que toma nota da pregunta e que intentará contestala no próximo Pleno ou na comisión.

D. Bernardo Varela López, do BNG, reitera a petición xa formulada en anteriores comisións respecto do acceso ao expediente de contratación de Meisa, lembrando que é unha sociedade case pública ao 100%, e que foi remitido ao consello de administración, e unha vez transcorrido case un ano desde a petición aínda non tivo acceso ao expediente.

O **presidente da comisión** toma nota da petición efectuada.

E, ás 17.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.